

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DO CSHG.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Antigos Alumnos do CSHG o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o CSHG Alumni para levar a cabo as accións que se detallan a continuación:

- Accións comerciais + FITUR
- Observatorio Formación Turística en España
- Workshop
- Mantemento web
- Encontros asociados
- Aniversario promocións

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro do seu obxecto social ten encomendada as funcións de formación e reciclaxe de profesionais para o sector turístico de Galicia, actividade que exerce a través do Centro Superior de Hostalería de Galicia (en diante CSHG), Área da Dirección de Profesionalización da Axencia.

Segundo.- A Asociación de Antigos Alumnos do CSHG (en adiante CSHG Alumni), creada en novembro de 1997 é unha iniciativa dos alumnos para crear unha estreita vinculación entre os alumnos e ex-alumnos do CSHG, os asociados e o Sector Hostaleiro.



Terceiro.- Que se pretende manter un vínculo entre o CSHG e os seus antigos alumnos, a través do CSHG Alumni, máis aló do período no que cursan os seus estudos para, dunha banda, ofrecer un valor engadido á formación que o CSHG proporciona e, de outra, conseguir unha potente ferramenta de marketing, xa que os ex-alumnos actúan como "embaixadores" do CSHG alá onde desenvolven a súa actividade profesional

Cuarto.- Polo exposto, a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ao CSHG Alumni para promover e potenciar accións tendentes a dotar de instrumentos de inserción laboral e reciclaxe aos ex-alumnos do CSHG, promocionando o CSHG Alumni entre empresas co fin de afianzar as súas actuais relacións e ampliar o seus contactos mediante a difusión dos seus servizos, dando unha visión da actualidade formativa do sector que a achegue ás súas necesidades, así como fomentar o networking mediante actividades como workshop, encontros asociados e aniversarios de promocións.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

